

## ADAPTACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

**LENDAS** C=CATEGORÍAS B:BÁSICO I:INTERMEDIO A: AVANZADO

**COMPETENCIAS CLAVE:** CL: Competencia lingüística CMCT: Competencia matemática ciencia e tecnoloxía

CD: Competencia dixital AA:

Aprender a aprender CSC: Competencia social e cívica SIEE : Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CEC: Conciencia e expresións culturais

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
		CL	CMCT	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
Recorda situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.	B					X		
Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaa a situacións actuais.	I	X				X		
Aprende a manexar e buscar citas significativas nos Evanxeos	B	X			X			
Descobre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.	B		X	X				
Analiza, comenta e crea relatos onde actualizan as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.	I	X					X	
Visualiza, en obras de arte, esceas de perdón e explícaa.	I							X
Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.	B	X				X		

## AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Segundo se di no parágrafo 6.9 das Instrucións do 27 de abril de 2020 “A avaliación e cualificación do alumnado”:

*A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.*

O criterio de cualificación que o claustro de profesores acordamos no noso centro, a proposta da CCP, será do seguinte xeito:

40% da 1ª avaliación + 60% da 2ª avaliación = nota final (sen contar a valoración das tarefas do 3º trimestre)

Esta nota final poderáse mellorar ata un 30% valorando as tarefas do terceiro trimestre (nº de tarefas presentadas, calidade, atención á corrección)

Así, no caso de alumnado que teña avaliación negativa nunha ou nas dúas avaliacións anteriores, as tarefas realizadas no terceiro trimestre poden permitir a promoción de curso ao alumnado coas avaliacións presenciais non superadas.

Polo tanto, non haberá nota da terceira avaliación, so ordinaria ou final. Esta realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas no terceiro trimestre.

## METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Dende o comezo da Declaración do Estado de Alarma e o comezo da docencia a distancia (semana do 16 a 20 de marzo) ata a publicación das instrucións do terceiro trimestre (28 de abril) plantexei actividades de continuidade da miña programación.

O terceiro trimestre fundamentalmente será de afianzamento dos estándares de aprendizaxe anteriormente sinalados e chegado o caso unha pequena ampliación sempre e cando teña constancia da consecución dos obxectivos previstos.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.

A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave imprescindibles para a adecuada progresión do alumnado e que requiran a menor intervención docente

Na medida do posible deseñaránse actividades globalizadoras e interdisciplinares

As actividades propostas serán globalizadoras e interdisciplinares, buscando así unha maior motivación por parte do alumnado e fomentando a súa curiosidade por

aprender a aprender.

Logo que non é factible unha docencia ao estilo “convencional” a metodoloxía a empregar nas actividades propostas será, aínda, máis participativa e activa por parte do alumnado en base a recursos dixitais xa sexan de editoriais, recursos buscados en internet ou elaborados polo profesor. Estes materiais serán escollidos para buscar unha maior motivación por parte do alumnado.

Destacar tamén que buscaráse unha comunicación directa co alumnado, preferentemente vía correo electrónico, para constatar ou seu benestar físico e emocional que considero fundamentais para a consecución dos obxectivos académicos propostos.

No caso de constatar dificultades na comunicación con algún alumno ou nas dificultades de este para poder desenvolver a súa teleformación , esta circunstancia será comunicada á súa titoría correspondente para buscar a solución adecuada para cada caso.

## **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS**

As actividades de Relixión Católica publicanse unha vez por semana na páxina web do colexio e segundo as titorías tamén estarán publicadas en outras plataformas coma blogs ou aula virtual do centro.

No caso das peticións feitas estas serán comunicadas vía correo electrónico.

En aqueles casos que por mor da escaseza ou precariedade de recursos dixitais non poidan ser accesibles para o alumnado, serán distribuídas por medio do centro educativo contando cos seus recursos propios ou de outras entidades de tipo social..